

III CONCURSO

Concita Cunqueiro




Data límite
08 de abril do 2022
ata as 14.00 h
Facultade de Filoloxía e Tradución

Deseño: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais. Ilustración: Dora Barrio Paratcha

II CONCURSO

Concita Cunqueiro



Data límite
08 de abril do 2022
ata as 14.00 h
Facultade de Filoloxía e Tradución

Universidade de Vigo

II Concurso Concita Cunqueiro (CCC)

A Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo convoca a segunda edición do concurso Concita Cunqueiro destinado ao alumnado da UVigo e tamén a persoas de fóra da UVigo cuxa idade estea abranguida entre os quince e os trinta anos.

Máis información

Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus de Vigo. 36310 - Vigo
sdfft@uvigo.es
fft.comunicacion2@uvigo.es

Bases

1. O concurso consiste na presentación de citas de calquera obra poética de Álvaro Cunqueiro, ben poesía orixinal, ben poesía traducida.
 2. A cita deberá ter unha extensión máxima de sete versos.
 3. Cada concursante deberá presentar ata un máximo de tres citas e deberá consignar obra, datos completos de edición, páxina e versos de cada cita achegada.
 4. A cita poderase presentar en calquera tipografía sen ningún tipo de marca, sinal, deseño ou similar, simplemente o texto da cita limpo con remisión á obra de onde foi tirada.
 5. As citas presentadas enviaranse en sobre postal ao Negociado de Asuntos Xerais do Decanato da Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo (Pza. das Cantigas, s/n. 36310 –Vigo, Pontevedra). Nese sobre só figurará a lenda: “Para o CCC: Concurso Concita Cunqueiro”. No sobre incluírase outro sobre pechado cos datos persoais de contacto do/da concursante: nome, dirección postal, profesión, titulación, curso, facultade / instituto, se procede; número de teléfono móbil e correo electrónico.
 6. A data límite de recepción de traballos será o día 08 de abril de 2022 ás 14.00 h.
 7. O xurado, presidido polo Decano da Facultade de Filoloxía e Tradución, ou persoa en quen delegue, estará formado por profesorado da Facultade de Filoloxía e Tradución especialista en literaturas.
 8. As citas gañadoras imprimíranse e expóranse temporalmente nas pantallas da Facultade de Filoloxía e Tradución e nos vestíbulos dos pavillóns. A Facultade de Filoloxía e Tradución espallaráas nas redes sociais e na web de seu e dos seus Departamentos, así como en cunqueiro.websuvigo.gal.
 9. Os premios do concurso serán os seguintes:
 - 1.º premio: 300 euros e certificado
 - 2.º premio: 200 euros e certificado
 - 3.º premio: 100 euros e certificado
- Estes premios pagaranse con cargo á partida orzamentaria 2022 0005 111LL00 48299 e estarán suxeitos á retención do IRPF que corresponda. Os dez finalistas, entre eles os tres primeiros, recibirán cadanseu lote de libros proporcionados pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.
10. En caso de que dous (ou máis) concursantes presentasen a mesma cita e esta fose merecedora dalgún dos premios exaequo, o seu importe sería dividido entre estes concursantes.
 11. A acta do xurado coa relación dos premiados, que será inapelable, darase a coñecer ao longo do mes de abril, coincidindo coa festividade do patrón da Facultade de Filoloxía e Tradución (26/04).
 12. A presentación ao concurso CCC implica a aceptación das súas bases.